



Cerdedo  
Cotobade

Sr Alcalde:

O abaixo firmante, **Ernesto Filgueira Touriño**, portavoz do BNG no Concello de Cerdedo e Cotobade presenta a seguinte Moción referida ao “Ano Ricardo Portela”.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ricardo Portela Bouzas (Viascón, 1920- Pontevedra, 1992) é un dos máis prestixiosos gaiteiros do País. Fillo dun gaiteiro e acordeonista. Fiel seguidor da obra de Avelino Cachafeiro, o Gaiteiro de Soutelo. Viviu en Vigo, en Lugo, emigrou a Venezuela, onde se vencellou ao Lar Gallego e fundou un grupo de gaitas. En 1959 establécese na bisbarra, entre Viascón e Pontevedra. Cabe salientar obras tan relevantes coma 'Festa en Viascón' (1980), 'Alborada en Cotobade' (1990) coas que gañou unha notable repercusión nos círculos gaiteiros. Destaca a súa participación no triple álbum 'instrumentos Musicais Populares Galegos' (Sonifolk, 1987) e a súa actuación na homenaxe a José Afonso gravada en directo no parque de Castrelos en 1985 nun CD baixo o título de 'Galiza a José Afonso'; sen esquecermos das súas colaboracións co prestixioso grupo Milladoiro. Na década dos 80 Portela viviu a súa etapa de esplendor, pois, participou nas primeiras xuntanzas de gaiteiros en Ortigueira que derivaron na creación da Asociación de Gaiteiros Galegos da que foi presidente fundador. Actuou en destacados festivais de renome (Festival de Ortigueira en 1982, III Festival de Inverno en Vigo no 1983, ou no I Festival Nocturno Celta do Morrazo en 1985, antecesor do actual Festival Intercéltico do Morrazo).

Ricardo Portela ben se merece un lugar destacado na historia do País por méritos propios dada a súa relevancia coma gaiteiro, compositor e defensor do toque pechado e pola loita en favor da dignificación da gaita galega e da figura do gaiteiro como tal. A súa figura é unha fonte de inspiración para todos os gaiteiros galegos ademais dun notable referente tanto na parroquia de Viascón coma no conxunto de Cerdedo-Cotobade así coma un grande embaixador da nosa cultura e do noso municipio polo mundo adiante. Asemade, no vindeiro ano 2020 cúmprese o centenario do nacemento do Gaiteiro Ricardo Portela polo que o BNG considera que debe ser un ano onde se conte cun compendio de actos e actividades no canto da valoración da súa figura así como da súa obra.



Cerdedo  
Cotobade

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Cerdedo e Cotobade acorda **aprobar a seguinte Moción:**

1. Declarar o 2020 como o “Ano Gaitero Ricardo Portela”.
2. Declarar ao Gaitero Ricardo Portela Fillo Predilecto a título Póstumo.
3. Crear o “Consello Ano Gaitero Ricardo Portela” dirixido polo Goberno local co obxecto de organizar e axilizar todas as actividades de valoración da súa figura así como mediar entre as entidades sociais e persoas a título persoal do Concello Cerdedo-Cotobade coma outras entidades sociais e persoas a título persoal de fóra do concello que desexen involucrarse no Ano Gaitero Ricardo Portela.
4. Designar de cada grupo que conforma a Corporación Municipal de Cerdedo-Cotobade un representante para ser integrado no “Consello Ano Gaitero Ricardo Portela” para aportar e colaborar na organización do conxunto dos actos a desenvolver.

Ernesto Filgueira Touriño  
35283664P

A 18 de setembro de 2019